



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Metodoloxía de investigación socioeducativa

Materia	Metodoloxía de investigación socioeducativa			
Código	O05G130V01104			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descriidores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Sarmiento Campos, Jose Antonio			
Profesorado	Sarmiento Campos, Jose Antonio			
Correo-e	sarmiento@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.webs.uvigo.es/sarmiento/">http://www.webs.uvigo.es/sarmiento/</a>			
Descripción xeral	<p>Esta guía xorde co fin de dar resposta ao deseño docente da materia Metodoloxía de Investigación Socioeducativa de 1º de Educación Social, dende o sistema de créditos europeo, ECTS, así como dos novos modelos educativos e de formación centrados no traballo do estudiante promovidos dende o vixente marco da educación superior no que a concepción do profesor como profesor-titor, isto é, como asesor educativo e facilitador da aprendizaxe, constitúe un referente fundamental, feito que supón un cambio tanto no rol tradicional do profesor como no dos estudiantes.</p> <p>Neste escenario, o crédito europeo ECTS representa a unidade de medida ou de valoración da actividade académica no que se integran aspectos tan diversos como as ensinanzas teóricas e prácticas, as ensinanzas presenciais e virtuais, os traballos e actividades dirixidas, así como tamén as horas de estudio e de traballo que o alumno debe realizar para acadar os obxectivos formativos.</p> <p>Este sistema de créditos supón atender á totalidade dos aspectos do traballo escolar, xa sexa presencial (clases teóricas, clases prácticas, exames, etc.) ou non presencial (estudo persoal e traballo autónomo, traballos dirixidos, titoría etc.), de aí que na guía se recollan, ademais das estratexias de ensinanza/aprendizaxe que deben utilizarse, as accións formativas que os estudiantes deberán realizar con indicación da cantidade ou volume de traballo, en termos de horas, que se consideran necesarias para executalas de maneira eficiente e eficaz.</p> <p>A Metodoloxía de Investigación Socioeducativa, materia obxecto desta guía, ten como finalidade desenvolver nos estudiantes a capacidade de investigar, é dicir, de indagar de forma sistemática e reflexiva sobre o que se fai ou se pretende facer. Sabido é que a investigación é unha capacidade natural do ser humano. Polo feito de sermos persoas, somos investigadores/as e, en consecuencia, indagadores sistemáticos e reflexivos. Cando se realiza esta actividade humana orientada á descripción, explicación, comprensión, transformación ou construcción de nós mesmos ou da nosa realidade social e educativa, estase investigando.</p> <p>No ámbito socioeducativo, a investigación é unha actividade científica que ten como obxecto prioritario a análise social e educativa da realidade. Se ben esta análise unhas veces faise de maneira illada, outras faise formando parte doutros procesos como o de intervención socioeducativa, no que esta análise constitúe un compoñente ou elemento máis. De aí que esta actividade científica denominada investigación socioeducativa e, polo tanto, análise social e educativa da realidade, constitúa, no marco da intervención, a principal vía para obter a información que precisa para afrontar con racionalidade e rigor as restantes fases deste proceso.</p> <p>Establecidas estas premisas, é posible entender e xustificar o importante papel que a Metodoloxía da Investigación Socioeducativa pode ter na formación e no futuro labor profesional do educador/a social. Os coñecementos e competencias académico-profesionais que poidan adquirir terán un papel relevante na súa capacitación como educador/a social, con independencia do ámbito e perfil profesional no que desenvolvan o seu labor no futuro.</p> <p>Con esta materia introducícese, no ámbito académico-curricular destes estudos, a presentación sistemática de contidos [métodos, técnicas, instrumentos, procedementos e recursos] relacionados coa investigación socioeducativa nos distintos contextos e ámbitos da educación social.</p> <p>Os contidos seleccionados distribúense en catorce temas que responden aos bloques temáticos recollidos no plan de estudos desta titulación e que son: Investigación e Intervención Socioeducativa, Métodos e Técnicas de Recollida de Datos Socioeducativos, e Métodos e Técnicas de Análise de Datos Socioeducativos. Estes contidos constitúen unha proposta de traballo que, ao igual que outros elementos do programa, desexamos respondan ás necesidades e demandas dos futuros profesionais da educación social.</p>			

## **Competencias de titulación**

### Código

A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvimento dos procesos socioeducativos
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
A6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
A7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas
A8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
A22	Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Planificación e organización
B3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
B4	Utilización das TIC no ámbito de estudio e contexto profesional
B5	Xestión da información
B6	Resolución de problemas e toma de decisións
B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe
B14	Adaptación a situacións novas
B15	Creatividade
B18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
B19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional
B20	Orientación á calidade

## **Competencias de materia**

### Resultados previstos na materia

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer os parámetros metodolóxicos que se siguen para construír, analizar e/ou transformar a realidade social e educativa.	A1 A4 A5	B1 B5 B12 B18
Coñecer a natureza, paradigmas e ámbitos da investigación e intervención socioeducativa.	A1 A4 A5	B1 B5 B8 B13
Coñecer os procesos e modelos metodolóxicos básicos da investigación socioeducativa.	A5	B2 B5 B7 B13
Coñecer as técnicas básicas -instrumentos, estratexias e recursos- de obtención, recollida e/ou rexistro de datos socioeducativos.	A5 A7	B1 B2 B5 B12 B13
Coñecer as técnicas básicas de codificación, xestión e análise de datos dos paquetes estadísticos SPSSW e R para organizar, representar, describir, transformar, relacionar, estimar e contrastar datos socioeducativos.	A4 A7	B1 B4 B5 B7 B12 B13

Ser quen de analizar e avaliar a realidade socioeducativa: ámbito natural e xeográfico, población e/ou beneficiarios, recursos dispoñibles e potenciais, necesidades, demandas educativas e posibilidades de transformación.	A4 A6 B8 B12 B13 B20	B1 B6 B8 B12 B13 B20
Ser quen de identificar, seleccionar, formular e aplicar os elementos de deseño metodolóxico da investigación e intervención socioeducativa axustados a unha determinada situación práctica.	A4 A7	B2 B6 B13 B19 B20
Ser quen de aplicar as técnicas básicas -instrumentos, estratexias e recursos- de obtención, recollida e/ou rexistro de datos socioeducativos.	A4 A7	B4 B6 B8
Ser quen de aplicar as técnicas básicas de codificación, xestión e análise de datos dos paquetes estatísticos SPSSW e R para organizar, representar, describir, transformar, relacionar, estimar e contrastar datos socioeducativos.	A7	B1 B2 B4 B5 B8 B12 B13 B15 B20
Ser quen de deseñar un proxecto de investigación socioeducativa e de levalo a cabo recollendo, analizando e interpretando os datos obtidos.	A1 A4 A5 A7 A8 A16 A20 A22	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B12 B13 B14 B15 B19 B20
Ser quen de elaborar un informe de investigación socioeducativa no que as táboas, gráficos e estadísticas se obteñan empregando o paquete estatístico SPSS para Windows ou R e no que, ademais, se faga unha proposta de programa de intervención socioeducativa.	A16	B3 B5 B19 B20

## Contidos

### Tema

Tema 01.- A construcción e a análise da realidade socioeducativa e a súa complexidade.	01.1.- A construcción dos feitos, do coñecemento e da ciencia social nunha realidad complexa. 01.2.- Contextualización da realidad social. 01.3.- Eixes de coordenadas e marcos de referencia na análise da realidad. 01.4.- Perspectivas metodolóxicas na análise da realidad. 01.5.- Unidades de observación e análise da realidad.
--	---

### Bloque 1. Investigación e intervención socioeducativa

Tema 02.■ Natureza, paradigmas e ámbitos da investigación e intervención socioeducativa.	02.1.- O termo investigación. Concepto de investigación socioeducativa. Natureza da investigación socioeducativa. 02.2.-Paradigmas. 02.3.-Proceso de intervención socioeducativa. 02.3.- A investigación socioeducativa como compoñente do proceso de intervención. Contextos, áreas, ámbitos e temáticas de investigación/intervención socioeducativa. 02.4.- Necesidade e importancia. Aplicacións.
Tema 03.■ Proceso de investigación socioeducativa.	03.1.- Ciclo da investigación socioeducativa. Fases xerais. Modelo xeral. 03.2.- Planificación da investigación socioeducativa. Execución. 03.3.- Elaboración do informe de investigación socioeducativa. 03.4.- Confección de referencias bibliográficas, citas e notas de texto. 03.4..- Necesidade e importancia. Aplicacións.

Tema 04. Modelos metodolóxicos de investigación socioeducativa.	04.1.-Tipos de modelos de investigación socioeducativa. Modelos base de investigación. Modelos base científico-técnicos de investigación. 04.2.- O método científico. Modelos base práctico-críticos de investigación. A investigación-acción. Modelos específicos de investigación. 04.3.-Necesidade e importancia. Aplicacións
Bloque 2. Métodos e técnicas de recollida de datos socioeducativos	
Tema 05. Instrumentos de obtención de información socioeducativa.	05.1.- Concepto de instrumento de obtención de información. Tipos de instrumentos. Tests. Cuestionarios. Listas de control. Escalas. Probas obxectivas. 05.2.- Necesidade e importancia. Aplicacións
Tema 06. Estratexias de obtención de información socioeducativa.	06.1.- Concepto de estratexia de obtención de información. Tipos de estratexias. Observación. Entrevista. Técnicas de grupo. Triangulación. 06.2.- Necesidade e importancia. Aplicacións.
Tema 07. Medios e recursos de obtención e/ou rexistro de información socioeducativa.	07.1.- Concepto de recurso documental. Clasificación dos recursos documentais. Medios e recursos documentais orais e escritos. Medios e recursos audiovisuais e multimedia. Medios e recursos informatizados. 07.2.- Análise de contido. 07.3.- Necesidade e importancia. Aplicacións.
Bloque 3. Métodos e técnicas de análise de datos	
Tema 08. A estatística e a análise informatizada dos datos.	08.1.- Concepto de estatística. Tipos de estatística. Métodos estatísticos. Funcións da estatística. 08.2.- Escalas de medida. Os datos. Notación e operacionalización de variables e datos. 08.3.- O ordenador como sistema de tratamiento da información socioeducativa. 08.4.- Necesidade e importancia. Aplicacións.
Tema 09. Metodoloxía de operación, deseño, codificación e xestión de datos con SPSS e R.	09.1.- Etapas na análise de datos con SPSS e R-Commander. Arquivos. Fiestras. Menús. Procedementos. Comandos. Cadros de diálogo. Sistemas de axuda. Editores de datos. 09.2.- Plan de definición e codificación. Entrada de datos. Edición. Presentación. Localización. Gravación. Abrir arquivos. Transformación de variables. Xestión de casos e rexistros. Xestión e operacións con carpetas e arquivos. 09.3.- Necesidade e importancia. Aplicacións con SPSS e R-Commander.
Tema 10. Métodos tabulares.	10.1.- Organización tabular de datos. Distribucións unidimensionais de frecuencias. Distribucións bidimensionais de frecuencias. Distribucións multidimensionais de frecuencias. 10.2.-Organización e presentación dos datos e informes en táboas. 10.3.-Necesidade e importancia. Aplicacións con SPSS e R-Commander.
Tema 11. Métodos gráficos e simulación.	11.1.- Concepto de gráfico. Elementos. Confección. Clases. Gráficos de puntos. Gráficos de barras. Gráficos de sectores. Gráficos de liñas. Gráficos de áreas. Gráficos artísticos. Representación conxunta. 11.2.- A simulación como ferramenta de aproximación á realidade socioeducativa. NetLogo. 11.3.-Necesidade e importancia. Aplicacións con SPSS, R-Commander e NetLogo.
Tema 12. Métodos numéricos descriptivos.	12.1.- Medidas de posición relativa. Medidas de tendencia central. Medidas de variación. Medidas de forma. 12.2.- Puntuacións transformadas cuantitativas e aplicacións de modelos. 12.3.- Necesidade e importancia. Aplicacións con SPSS e R-Commander.
Tema 13. Métodos numéricos correlacionais.	13.1.- Metodoloxía correlacional versus metodoloxía experimental. Análise de correlación. 13.2.- Análise de regresión. 13.3.- Necesidade e importancia. Aplicacións con SPSS e R-Commander.
Tema 14. Métodos numéricos inferenciais.	14.1.- Inferencia estatística dos datos. 14.2.- Estimación de parámetros. Contraste de hipóteses estatísticas. 14.3.- Necesidade e importancia. Aplicacións con SPSS e R-Commander.
Tema 15. Iniciación nas técnicas de minería de datos.	15.1.- Concepto de data mining. 15.2.- Clasificadores, árbores de decisión e redes neuronais 15.3.- O programa WEKA.
Prácticas de laboratorio	
Práctica 01. Identificación e clasificación de unidades de análise contextualizadas.	
Práctica 02. Identificación e formulación de elementos de deseño da investigación socioeducativa a partir dunha situación práctica.	

Práctica 03.□ Identificación e formulación de elementos de deseño da intervención socioeducativa a partir dunha situación práctica.

---

Práctica 04.□ Diagnóstico e/ou avaliación dun contexto e deseño gráfico dun programa de intervención socioeducativa contextualizado.

---

Práctica 05.□ Elaboración de referencias bibliográficas de proxectos, programas e informes socioeducativos.

---

Práctica 06.□ Aplicación dunha técnica de obtención de información socioeducativa, corrección, análise, transformacións da puntuación directa obtida e interpretación dos resultados.

---

Práctica 07.□ Elaboración dun cuestionario de obtención de información socioeducativa, aplicación, corrección, codificación e posta en común das puntuacións directas obtidas.

---

Práctica 08.□ Elaboración dun sociograma a partir da información obtida dun grupo.

---

Práctica 09.□ Busca de recursos bibliográficos e documentais no ciberespacio socioeducativo.

---

Práctica 10.□ Creación por ordenador dunha base de datos de unidades sociais.

---

Práctica 11.□ Análise dos casos, valores e variables da base de datos de unidades sociais.

---

Práctica 12.□ Edición, localización e presentación dos datos socioeducativos.

---

Práctica 13.□ Identificación e formulación de expresións numéricas e lóxicas.

---

Práctica 14.□ Realización de transformacións de variables e datos.

---

Práctica 15.□ Organización de datos socioeducativos con SPSS/R-Commander e táboas.

---

Práctica 16.□ Representación de datos socioeducativos con SPSS/R-Commander en gráficos.

---

Práctica 17.□ Descripción estatística de datos socioeducativos con SPSS/R-Commander e a súa presentación en táboas.

---

Práctica 18.□ Relacións estatísticas de datos socioeducativos con SPSS/R-Commander.

---

Práctica 19.□ Aplicación de técnicas de estimación de parámetros con SPSS/R-Commander.

---

Práctica 20.□ Aplicación de probas estatísticas de contraste de hipóteses con SPSS/R-Commander.

---

Realización en equipo dun estudio de investigación socioeducativa que implique unha planificación do proceso, a súa execución mediante a recollida, análise e interpretación dos datos, así como a elaboración dun informe con táboas, gráficos e estatísticas obtidos mediante o paquete estadístico SPSS para Windows ou R e unha proposta de programa de intervención socioeducativa. As pautas e actuacións seguidas polo grupo na realización do traballo rexistraránse nun diario de grupo que, ademais, inclúa os tempos nos que se realiza cada tarefa.

---

(\*)Realización en equipo de un estudio de investigación socioeducativa que implique una planificación del proceso, su ejecución mediante la recogida, análisis e interpretación de los datos, así como la elaboración de un informe con tablas, gráficos y estadísticas obtenidos mediante el paquete estadístico SPSS para Windows o R y una propuesta de programa de intervención socioeducativa. Las pautas y actuaciones seguidas por el grupo en la realización del trabajo se registrarán en un diario de grupo que, además, incluya los tiempos en los que se realiza cada tarea.

### **Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	25	29
Prácticas de laboratorio	19	0	19
Traballos tutelados	3	24	27
Sesión maxistral	15	5	20
Titoría en grupo	5	4	9
Traballos de aula	1	10.5	11.5
Proxectos	1	7	8
Probas de tipo test	0.5	0	0.5
Traballos e proxectos	0	20	20
Probas de resposta curta	0.5	0	0.5
Probas de autoavalación	0	1.5	1.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### **Metodoloxía docente**

	Descripción
Actividades introdutorias	Orientadas á presentación da materia e de cada un dos temas con indicación dos aspectos temáticos relevantes que requieren unha atención especial. Exposicións teóricas breves por parte do profesor dos contidos de maior relevancia e/ou dificultade. Proxección e comentario de materiais audiovisuais de carácter metodolóxico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación, análise, resolución e debate de problemas e exercicios teóricos/prácticos sobre aspectos do temario de especial relevancia e/ou dificultade.
Prácticas de laboratorio	Aplicación dos coñecementos e procedementos adquiridos á resolución de casos, situacións, problemas e/ou exercicios prácticos. Estas actividades oriéntanse á realización na rede, impresión e posterior corrección dos procedementos programados nos 20 boletíns de prácticas. Ao comezar e finalizar cada boletín, cumplimentarase a ficha de seguimento e control da súa realización. Será necesaria a elaboración dunha memoria de prácticas que recolla os procedementos realizados ao longo do cuatrimestre con indicación das datas de comezo e de finalización de cada unha.
Traballos tutelados	Realización en equipo dun trabalho de investigación socioeducativa que implique unha planificación do proceso e a súa ejecución mediante a recollida, análise e interpretación dos datos, así como a elaboración dun informe con táboas, gráficos e estadísticas obtidos mediante o paquete estadístico SPSS para Windows e unha proposta de programa de intervención socioeducativa. As pautas e actuacións seguidas polo grupo na realización do trabalho rexistaránse nun diario de grupo que, además, inclúa os tempos nos que se realiza cada tarefa.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun trabalho, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiante.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballos de aula	O estudiante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Tales exercicios estarán vinculados ao seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudiante.
Proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e confrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.

### **Atención personalizada**

<b>Metodoloxías</b>	<b>Descripción</b>
Proxectos	A titoría constitúe a principal referencia educativa para a orientación e seguimento do traballo tanto individual como de equipo. Neste particular espazo educativo, disporán da atención individualizada e do asesoramento que precisen tanto a nivel individual como grupal para solucionar calquera cuestión relacionada coa materia e/ou asesoralos en calqueroutra cuestión do seu interese.
Traballos tutelados	A titoría constitúe a principal referencia educativa para a orientación e seguimento do traballo tanto individual como de equipo. Neste particular espazo educativo, disporán da atención individualizada e do asesoramento que precisen tanto a nivel individual como grupal para solucionar calquera cuestión relacionada coa materia e/ou asesoralos en calqueroutra cuestión do seu interese.
Prácticas de laboratorio	A titoría constitúe a principal referencia educativa para a orientación e seguimento do traballo tanto individual como de equipo. Neste particular espazo educativo, disporán da atención individualizada e do asesoramento que precisen tanto a nivel individual como grupal para solucionar calquera cuestión relacionada coa materia e/ou asesoralos en calqueroutra cuestión do seu interese.

<b>Avaliación</b>		
	<b>Descripción</b>	<b>Cualificación</b>
Prácticas de laboratorio	Haberá unha proba ao final do cuatrimestre onde o alumno amose o seu grao de dominio sobre algún dos programas empregados para o tratamento estatístico	20
Titoría en grupo	Os diferentes grupos poderán ser convocados polo profesor, o que non será impedimento para a solicitude das titorías segundo as propias necesidades. Pretende avaliar a implicación do alumnado no traballo grupal.	5
Traballos de aula	Este tipo de traballos é un instrumento que amosa o nivel de participación do alumnado no descorrer da asignatura, a súa implicación cos contidos teóricos e prácticos e o seu interese pola materia	5
Proxectos	Esta tarefa é complementaria coa investigación que se haberá de realizar e presentar e que figura noutro parágrafo. Atinxe fundamentalmente a cuestión actitudinal do alumnado cara ao proceso de investigación e á implicación no mesmo	5
Probas de tipo test	A proba inclúe ítems de evocación e de recoñecemento, así como tamén de resolución de situacións, casos, problemas e/ou exercicios prácticos. Nesta proba as respuestas incorrectas teñen penalización	15
Traballos e proxectos	Análise das tarefas de investigación relacionadas coa elaboración do proxecto de investigación socioeducativa, a súa execución, elaboración do informe, rexistro das tarefas realizadas nun diario de grupo e exposición, de se lo caso, na aula. Para superar esta actividade é preceptivo acadar unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10. O peso máximo na cualificación final será aproximadamente igual a 2,5 puntos.	20
Probas de resposta curta	Formarán parte do exame e consistirá no desenvolvemento sintético, por escrito, de algúns termos considerados como fundamentais dentro da materia.	15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formarán parte do exame e plantearán cuestións de tipo socioeducativo que necesiten da estatística descriptiva ou inferencial para a súa solución.	15

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para obter unha avaliación positiva e, en consecuencia, superar a materia, é **preceptivo obter, polo menos, o 40% da puntuación máxima no exame composto polas probas de tipo test, probas de respuesta curta e resolución de problemas e/ou exercicios; no estudo de investigación socioeducativa (traballos e proxectos) e nas prácticas de laboratorio**. De se alcanzar as puntuacións mínimas esixidas, a cualificación global será a suma das notas parciais. En calquer outro caso, na acta só se rexistrará a puntuación máis alta das avaliacións realizadas ata 4 puntos como máximo, polo que o alumno quedaría exento na convocatoria seguinte de avaliar as partes superadas.

### **ALUMNADO NON ASISTENTE**

A avaliación do alumnado non asistente será igual ca do asistente, nembargantes ao non facer os traballos de aula (proxectos e traballos de aula) o valor da proba práctica na avaliación increméntase un 10%, quedando nun 25% do total da nota.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Básicas**

Arriaza, A.J.; Fernández, F.; López, M.A.; Muñoz, M.; Pérez, S. y Sánchez, A. (2008). *Estadística Básica con R y R-Commander*. Cádiz: Servicio de publicaciones de Perelló, S. (2009). *Metodología de la investigación social*. Madrid: Dykinson.

Ritchey, F. J. (2008). *Estadística para las Ciencias Sociales* (2ª ed.). México: McGrawHill/Interamericana.

Rubio, Mª. J. y Varas, J. (2004). *El análisis de la realidad en la intervención social. Métodos y técnicas de investigación* (3<sup>a</sup> ed.). Madrid: ccs.

Gordo, A. J. y Serrano, A.(Coord.) (2008). *Estrategias y prácticas cualitativas de investigación social*. Madrid: Prentice Hall.

---

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

A metodoloxía de ensinanza/aprendizaxe que se pretende aplicar ten como centro o alumnado e pon especial énfase na autonomía, responsabilidade, interese e capacidade de traballo para desenvolver unha autoaprendizaxe baseada no estudo e traballo autónomo, así como no traballo en equipo.

Neste contexto, recoméndase empregar as plataformas e medios educativos virtuais como ferramentas de aprendizaxe propias do novo **terceiro medio** o cal, ademais de posibilitar unha docencia virtual a través de accións formativas programadas na rede e de facilitar o seguimento, control e avaliación en liña da aprendizaxe, proporciona unha ampla variedade de recursos como bibliotecas virtuais, libros virtuais, materiais dixitais, exercicios interactivos e teletutorías, razóns polas que o interese aumenta día a día. De aí que durante o curso se aproveiten as posibilidades educativas do portal web de FaiTIC e, en particular, o Programa Tema da Universidade de Vigo, co propósito de que os alumnos dispoñan dun novo espazo educativo como complemento virtual da docencia presencial.

Este enfoque supón asumir por parte dos alumnos a responsabilidade sobre a súa propia aprendizaxe, de aí que teña especial relevancia o estudo e análise reflexiva autónoma e persoal dos contidos relevantes que se sinalen durante as actividades introductorias.

Por último, recoméndase a participación nas titorías e teletutorías, que constitúen, xunto coas TIC, a pedra angular dos novos enfoques centrados no estudiante.

---